



SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR

Acta de constitución do tribunal cualificador

Categoría: Asesor Xurídico para o CIM

(Nº Postos de traballo que se convocan: 1)

Nas instalacións do Auditorio do Centro de Día dos Gozos, na Derrasa – O Pereiro de Aguiar, sendo as 13:00 horas do día 03 de decembro de 2020, procédese á constitución do Tribunal que xulgará as probas selectivas e valoración de méritos para a provisión dunha (1) praza de asesor xurídico para a obra / servizo “Centro de información á muller de titularidade municipal (CIM)” (persoal laboral temporal), ao abeiro das bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria realizada o día 30 de outubro de 2020, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data do 03 de novembro de 2020.

A relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, así como a sinalización do lugar e data para a constitución do Tribunal, realización das probas e valoración de méritos publicouse na páxina Web e Taboleiro de Anuncios do Concello en data do 27 de novembro de 2020.

Estando presentes os membros do Tribunal designados por Resolución da Alcaldía nº 2020/1045 de data 27/11/2020, como órgano competente do proceso selectivo enriba referido para a constitución do mesmo, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituído na seguinte forma:

Tribunal titular:

Presidente : José Antonio Cerdeira Pérez, Secretario – Interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.

Secretario/a : Yajaira Lage Blanco, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar, actúa neste acto con voz pero sen voto.

Vogais: Alicia Mª López Míguez, Xefa Territorial da Consellería de Infraestructuras e Mobilidade en Ourense.

Manuel Pérez Nieto, adxunto ó xefe do servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación de Ourense.

Mª de los Ángeles Cantón Álvarez, letrado asesor do Gabinete de Asesoría Xurídica da Deputación de Ourense.

A continuación procedese á valoración dos méritos que se detallan nas bases, a saber:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL: ata un máximo de 4 puntos.

1. Por servizos prestados en concellos na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,20 por cada mes completo ou fracción.

Concello do Pereiro de Aguiar

Plaza do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

2. Por servizos prestados noutras AAPP na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.
3. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada), e copia dos contratos de traballo ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

Non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

Tampouco se terán en conta servizos prestados mediante a celebración de contratos administrativos de servizos.

B) FORMACIÓN: Valorarase a formación nas materias propias do posto: ata un máximo de 2 puntos.

- | | | |
|----|---------------------------------|-------------------|
| 1. | Cursos de máis de 100 horas: | 0,50 puntos/curso |
| 2. | Cursos de entre 60 e 100 horas: | 0,20 puntos/curso |
| 3. | Cursos de menos de 60 horas: | 0,10 puntos/curso |

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada.

Neste apartado non se valorarán:

- ✓ Cursos de idiomas ou de informática.
- ✓ Cursos formativos promovidos por asociacións de psicoterapia, nin empresas privadas.
- ✓ A asistencia a Congresos, seminarios, simposios, xornadas e similares.

Os cursos deberán ser organizados, ben por unha administración pública, unha universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha administración pública.

C) FORMACIÓN EN MÁSTER OU POSTGRADO: ata un máximo de 1 punto.

Valorarase únicamente a formación en máster ou postgrado relacionado co contido e funcións propias do posto de traballo:

- Máster ou postgrado cun mínimo de 600 horas: 1 punto

D) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA: ata un máximo de 1 punto.

Polo coñecemento acreditado do idioma galego, computarase únicamente o grao superior ó esixido:

- CELGA 5: 1 punto
- Linguaxe administrativa nivel medio: 0,5 puntos
- Linguaxe administrativa nivel superior: 1 punto

So se lle concederá validez, polo que á acreditación do idioma galego se refire, aos cursos ou titulacións homologados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade.



A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

Non serán tidos en conta os méritos que non estean acreditados documentalmente, conforme ao regulado nestas bases.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións das fases de oposición e de concurso.

Unha vez realizada polo Tribunal a valoración de méritos resultan os seguintes resultados:

	APELIDOS E NOME	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	MÁSTER OU POSTGRADO	COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA	PROBA DE GALEGO	TOTAL PUNTOS
1	Fernández Rivero, María del Carmen	[REDACTED]4788[REDACTED]	3,61	2,00	0,00	0,00	EXENTO	5,61
2	Montero Fernández, Beatriz	[REDACTED]5557[REDACTED]	3,80	0,00	0,00	0,00	EXENTO	3,80
3	Rodríguez Fernández, Begoña	[REDACTED]2347[REDACTED]	4,00	1,30	0,00	0,00	EXENTO	5,30


A Presidencia do Tribunal explica o proceso de oposición, que consistirá:

1. Proba de coñecementos.- Valorarase ata un máximo de 12 puntos, e estará integrada por un exercicio de carácter obligatorio e eliminatorio.
Consistirá en contestar a un cuestionario de 40 preguntas más 4 de reserva tipo test con respuestas alternativas (das que só unha será correcta), sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no temario especificado no artigo 8 das anteditas Bases de selección.
2. O tempo máximo para a realización deste exercicio será dunha (1) hora desde o inicio da proba.
3. Cualificación: A valoración máxima por este exercicio será de 12 puntos, necesitando un mínimo de 6 puntos para aprobar (cada pregunta valerá 0,3 puntos).
4. As respuestas non contestadas non terán valoración.
5. As respuestas erróneas non penalizan.
6. O exame imprimirase, tanto en lingua galega como en lingua castelá.
7. Únese á presente Acta, como anexo I o texto do exame tipo test, e como anexo II a plantilla das respuestas correctas.
8. O Tribunal adopta a determinación de que, a parte do DNI e do Pasaporte, servirá o Carné de Conducir aos efectos de que o aspirante acredite a súa personalidade no momento do chamamento.

Non se producen intervencións e por unanimidade o Tribunal Cualificador acorda proceder do xeito que propuxo a Presidencia.

E para que así conste e produza os efectos legais oportunos, levántase Acta ás 13:02 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por tódolos membros do Tribunal



**CONCELLO
O PEREIRO DE AGUIAR**

Cualificador, de cuxo acto esta secretaria certifico.

O presidente,

A secretaria,

Os/as vogais,



**CONCELLO
O PEREIRO DE AGUIAR**

ANEXO I

EXAME

ASESOR/A XURÍDICO

- 1. A Constitución Española de 1978 recolle como valores superiores do ordenamento xurídico**
 - a) Legalidade, publicidade das normas e responsabilidade dos poderes públicos.
 - b) Democracia, solidariedade e participación.
 - c) Liberdade, xustiza, igualdade e pluralismo político.
 - d) Todas as respostas son correctas.

- 2. O tratamento de igualdade na Constitución Española materialízouse:**
 - a) Como valor superior do ordenamento xurídico (art. 1.1 CE)
 - b) Como igualdade material ou igualdade real e efectiva (art. 9.2 CE)
 - c) No art. 14 CE, onde se recolle o principio de igualdade formal ou igualdade ante e na lei
 - d) Todas as respostas son correctas.

- 3. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia gozan da condición política de galegos:**
 - a) Todos os cidadáns, españois ou estranxeiros nados no territorio da Comunidade.
 - b) Os cidadáns españois que teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.
 - c) Os cidadáns, españois ou estranxeiros, que teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.
 - d) Ningunha resposta é correcta.

- 4. A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias dos municipios, entre outras:**
 - a) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.
 - b) Promoción de vivendas públicas.
 - c) Protección da salubridade pública.
 - d) As respostas a) e c) son correctas.



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

ANEXO I

5. Son atribucións do alcalde:

- a) Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal
- b) A xefatura superior do persoal corresponde ao Pleno Municipal que pode delegala no alcalde
- c) A xefatura superior do persoal corresponde ao secretario municipal
- d) Ningunha resposta é correcta

6. Na Administración Local:

- a) O alcalde pode aprobar as ordenanzas e os regulamentos por delegación do Pleno
- b) O órgano competente para o exercicio da potestade regulamentaria é o Pleno municipal, a pesar de que se recoñece tamén a potestade do alcalde para ditar bando.
- c) Só os bando teñen natureza regulamentaria.
- d) A Administración Local non ten potestade regulamentaria

7. A condición de veciño dun municipio recoñécese a:

- a) Toda persoa española ou estranxeira inscrita no Padrón de Habitantes correspondente ao municipio da súa residencia habitual
- b) Os españois e estranxeiros maiores de 18 anos inscritos no Padrón correspondente ao municipio da súa residencia habitual
- c) Só aos españois inscritos no Padrón de habitantes correspondente ao municipio da súa residencia habitual.
- d) Toda persoa nado no termo municipal, española ou estranxeira.

8. Os datos do Padrón municipal:

- a) Son confidenciais e non se poden ceder a ningunha administración pública sen consentimento do afectado.
- b) Cederanse a outras administracións públicas que o soliciten sen consentimento previo do afectado soamente cando lles sexan necesarios para o exercicio das súas respectivas competencias, e exclusivamente para asuntos nos que a residencia ou o domicilio sexan datos relevantes.
- c) Só o Alcalde pode autorizar a cesión dos ditos datos a outras administracións públicas que os soliciten.
- d) Débense ceder a outras administracións públicas sempre que o soliciten ao alcalde.



**CONCELLO
O PEREIRO DE AGUIAR**

ANEXO I

9. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, cando os prazos se sinalen por días:

- a) Enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.
- b) Enténdese que estes son sempre naturais
- c) Enténdese que estes son hábiles, excluíndose do cómputo os domingos e os declarados festivos.
- d) Ningunha resposta é correcta.

10. O recurso administrativo de reposición:

- a) Interpone ante o superior xerárquico do órgano que ditou o acto impugnado.
- b) Interpone no prazo de 3 meses desde a notificación do acordo impugnado
- c) Interpone e resolve polo mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- d) Enténdese estimado polo transcurso do prazo de 1 mes sen resolución expresa.

11. Segundo o artigo 2.7 da Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das vítimas de la violencia doméstica, as medidas de carácter civil contidas na orde de protección terán unha vixencia temporal de:

- a) 10 días
- b) 15 días
- c) 20 días
- d) 30 días

12. De acordo co artigo 2.3 da Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das víctimas de la violencia doméstica, a orde de protección das vítimas da violencia doméstica poderá solicitarse:

- a) Directamente ante a autoridade xudicial ou o Ministerio Fiscal, ou ben ante as Fozas e Corpos de Seguridade, as oficinas de atención á vítima ou os Servizos Sociais ou institucións asistenciais dependentes das administracións públicas.
- b) Directamente ante as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- c) Unicamente ante a autoridade xudicial ou o Ministerio Fiscal.
- d) Persoándose a vítima ante as institucións asistenciais dependentes das administracións públicas.



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

ANEXO I

13. O artigo 43.2 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, establece:

- a) Non obstante o anterior, poderán establecerse, excepcionalmente, Xulgados de Violencia sobre a Muller que estendan a súa xurisdición a dous ou máis partidos dentro da mesma provincia.
- b) Non obstante o anterior, os Xulgados de Violencia sobre a Muller só poderán estender a súa xurisdición a tres partidos dentro da mesma provincia.
- c) Non obstante o anterior, establecerase obligatoriamente que estendan a súa xurisdición a dous ou máis partidos dentro da mesma provincia.
- d) Non obstante o anterior, os Xulgados de Violencia sobre a Muller non poderán estender a súa xurisdición a máis partidos dentro da mesma provincia.

14. Os municipios recuperan as competencias en materia de igualdade entre mulleres e homes e violencia de xénero, coa entrada en vigor de:

- a) A Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia (Disposición Final primeira).
- b) A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección Integral contra a Violencia de xénero (Disposición Final primeira).
- c) A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (Disposición Final primeira).
- d) O Real decreto - lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urgentes para o desenvolvimento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (Disposición Final primera).

15. Qué modalidades poden adoptar a excedencia voluntaria do persoal funcionario de carreira segundo a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia?:

- a) Excedencia por interese particular, excedencia por agrupación familiar, excedencia por coidado de familiares, excedencia por razón de violencia de xénero e excedencia por razón de violencia terrorista.
- b) Excedencia por interese particular, excedencia por incompatibilidade, excedencia para coidado de familiares, excedencia para o coidado de fillos/as menores de tres anos, e excedencia por razón de violencia sobre a muller.
- c) Excedencia por interese particular, excedencia por prestación de servizos no sector público, excedencia por agrupación familiar, excedencia por coidado de familiares e excedencia por razón de violencia de xénero.
- d) Excedencia por interese particular, excedencia por prestación de servizos no sector público, excedencia por agrupación familiar, excedencia para coidado de familiares e excedencia voluntaria incentivada.

16. Segundo o artigo 72.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:

- a) As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei estudarán implantar un plan de igualdade do persoal funcionario e laboral, nos termos previstos pola normativa vixente na materia.
- b) As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei deben elaborar e aplicar un plan de igualdade que se desenvolverá na mesa xeral de negociación do persoal funcionario ao que sexa aplicable.
- c) As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei deben elaborar e aplicar un plan de igualdade que se desenvolverá no convenio colectivo ou acordo de condicións de traballo do persoal funcionario que sexa aplicable, nos termos previstos polo mesmo.
- d) As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei deben elaborar e aplicar un plan de igualdade que se desenvolverá na mesa xeral de negociación do persoal funcionario e laboral ao que sexa aplicable.

17. O artigo 3.3 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a Violencia de Xénero, dispón:

- a) As campañas de información e sensibilización contra esta forma de violencia realizaranse con campañas de publicidade que resulten impactantes para desmontar as bases sobre as que se asenta a violencia de xénero: como os clichés, os prejuízos, o machismo e os estereotipos.
- b) As campañas de información e sensibilización contra esta forma de violencia realizaranse de maneira que se garanta o acceso ás mesmas das persoas con discapacidade.
- c) As campañas de información e sensibilización contra esta forma de violencia realizaranse para concienciar á sociedade sobre a necesidade de combater as actitudes que toleran a violencia contra as mulleres coa finalidade de neutralizar as actitudes sociais que toleran e sosteñen a violencia contra as mulleres.
- d) As campañas de información e sensibilización contra esta forma de violencia realizaranse para chamar a atención da poboación sobre comportamentos considerados limitantes e agresivos contra a muller.

18. As funcións da persoa que exerza o asesoramento xurídico no Centro de Información á Muller (CIM), segundo o establecido no artigo 13 do DECRETO 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, serán as seguintes:

- a) Información e asesoramento xurídico. Realización de informes xurídicos naqueles supostos en que sexan solicitados por organismos públicos. Participación nas actividades do CIM. Calquera



**CONCELLO
O PEREIRO DE AGUIAR**

ANEXO I

- outra función que, dentro do seu ámbito de actuación, lle encomende a persoa que exerce a dirección do CIM.
- b) Información e asesoramento xurídico. Realización de informes xurídicos naqueles supostos en que sexan solicitados por organismos públicos. Colaboración na elaboración de memorias e documentos. Calquera outra función que, dentro do seu ámbito de actuación, lle encomende a persoa que exerce a dirección do CIM.
 - c) Información e asesoramento xurídico. Colaboración na elaboración de memorias e documentos. Participación nas actividades do CIM. Calquera outra función que, dentro do seu ámbito de actuación, lle encomende a persoa que exerce a dirección do CIM.
 - d) Información e asesoramento xurídico. Colaboración na elaboración de memorias e documentos. Calquera outra función que, dentro do seu ámbito de actuación, lle encomende a persoa que exerce a dirección do CIM.
- 19. De conformidade co establecido no artigo 2, do DECRETO 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, qué funcións terán carácter prioritario na actividade de los CIM?**
- a) Atención específica ás mulleres vítimas de violencia de xénero e, de ser o caso, ás fillas, fillos e persoas menores ao cargo da muller vítima, ou maiores dependentes, facilitando o acceso aos recursos existentes na Comunidade Autónoma, incluíndo a xestión urgente cos servizos policiais, sanitarios, psicolóxicos, xudiciais e sociais que sexan oportunos.
Atención específica a mulleres en situación de especial vulnerabilidade co obxectivo de mellorar a súa situación persoal, social ou laboral.
 - b) Asesoramento xurídico e atención psicolóxica ás persoas e colectivos a que se refire o artigo 2.
Fomento do asociacionismo e da participación das mulleres en todos os ámbitos.
 - c) Atención específica ás mulleres vítimas de violencia de xénero e, de ser o caso, ás fillas, fillos e persoas menores ao cargo da muller vítima, ou maiores dependentes, facilitando o acceso aos recursos existentes na Comunidade Autónoma, incluíndo a xestión urgente cos servizos policiais, sanitarios, psicolóxicos, xudiciais e sociais que sexan oportunos.
Fomento do asociacionismo e da participación das mulleres en todos os ámbitos.
 - d) Atención específica a mulleres en situación de especial vulnerabilidade co obxectivo de mellorar a súa situación persoal, social ou laboral.
Asesoramento xurídico e atención psicolóxica ás persoas e colectivos a que se refire o artigo 2.



**CONCELLO
O PEREIRO DE AGUIAR**

ANEXO I

20. Serán principios informadores de actuación no exercicio de todas as funcións do CIM, segundo o artigo 4 do DECRETO 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento:

- a) A prestación gratuía de todos os servizos, que se ofertarán atendendo á vocación de servizo público.
- b) Información sobre os recursos dispoñibles no seu ámbito territorial e, de ser o caso, área de influencia.
- c) Realización de conferencias, encontros, xornadas e cursos sobre temas de especial incidencia na consecución do principio de igualdade, tanto no relacionado co xénero como coa temática da diversidade sexual.
- d) Receppción de denuncias e queixas en materia de discriminación por razón de xénero.

21. De conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, os actos e cláusulas dos negocios xurídicos que constitúan ou causen discriminación por razón de sexo consideraranse:

- a) Anulables
- b) Irregularidades non invalidantes
- c) Nulos e sen efecto
- d) Revisables

22. As administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e en aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes, deberán:

- a) fomentar a formación en igualdade, tanto no acceso ao emprego público como ao longo da carreira profesional
- b) promover a presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de selección e valoración
- c) establecer medidas efectivas de protección fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo
- d) todas son correctas



**CONCELLO
O PEREIRO DE AGUIAR**

ANEXO I

23. As obrigacións establecidas na Lei 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, serán de aplicación a toda persoa:

- a) física ou xurídica, que se atope ou actúe en territorio español, con nacionalidade, domicilio ou residencia española
- b) física ou xurídica, que se atope ou actúe en territorio español, calquera que fose a súa nacionalidade, domicilio ou residencia
- c) física ou xurídica, calquera que fose a súa nacionalidade, domicilio ou residencia, áinda que non se atope ou actúe en territorio español
- d) física, que se atope en territorio español, calquera que fose a súa nacionalidade, domicilio ou residencia

24. A Administración da Xunta de Galicia poderá exercer a acción popular, na forma e condicións establecidas pola lexislación procesual.

- a) nos procedementos penais por violencia de xénero
- b) nos procedementos de divorcio por violencia de xénero
- c) as respuestas a) e b) son correctas
- d) as respuestas a) e b) son falsas

25. Para os efectos da presente Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a situación de violencia acreditarase, entre outras, das seguintes formas:

- a) certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- b) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- c) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- d) Todas son correctas .

26. De conformidade co Real Decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero, as mulleres víctimas de violencia de xénero, que, como consecuencia da súa contratación, teñan que trasladar a súa residencia habitual, poderán recibir subvencións para financiar os gastos derivados de:

- a) libros escolares
- b) gardería e de atención a persoas dependentes
- c) manutención
- d) vestuario



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

ANEXO I

27. Terán dereito de acceso ao sistema galego de servizos sociais e a participar nos diferentes programas, servizos e prestacións do sistema en función da valoración obxectiva das súas necesidades:

- a) as cidadás e ciudadáns galegos
- b) as cidadás e ciudadáns dos estados membros da Unión Europea empadroados nun concello de Galicia
- c) as cidadás e ciudadáns españois empadroados nun concello de Galicia
- d) Todas son incorrectas

28. Será beneficiaria das actuacións da Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, toda muller que por razón das súas circunstancias persoais ou sociais poida acceder aos beneficios e servizos establecidos na lei, e:

- a) dispoña de domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia
- b) dispoña de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia
- c) son correctas as dúas anteriores
- d) estea a realizar estudos na Comunidade Autónoma de Galicia

29. O mandato dos/as integrantes do Consello Galego das Mulleres que non participen nel por razón do seu cargo terá unha duración:

- a) de catro anos, renovable por iguais períodos de tempo
- b) de cinco anos, renovable por iguais períodos de tempo
- c) de catro anos
- d) de cinco anos

30. O acceso ao Centro de Recuperación Integral realizarase mediante procedementos protocolizados de derivación a través de:

- a) inspectores de servizos sociais
- b) servizos sociais comunitarios e especializados da nosa comunidade autónoma
- c) técnicos da Consellería de Política Social
- d) todas son correctas

31. Qué órgano deberá de garantir o respecto do derecho de igualdad de trato e non discriminación no acceso ao emprego e nas condicións de traballo?

- a) Consellería de Política Social.
- b) Consellería de Emprego e Igualdade.
- c) Inspección dos Servizos Sociais.
- d) Inspección de traballo.

32. A Xunta de Galicia instará ás organizacións sindicais e empresariais presentes no diálogo social a que actúen no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e, de ser o caso, en colaboración con:

- a) Organizacións, asociacións e colectivos LBITG.
- b) Asociacións, colectivos representativos e organizacións LGBIT.
- c) Colectivos LGTBI, asociacións e organizacións.
- d) Asociacións LBGTI, organizacións e colectivos representativos.

33. A Xunta de Galicia fomentará, sen vulnerar o réxime de autonomía universitaria, a docencia, o estudo e a investigación das cuestións de xénero no ámbito da educación superior, e para estes efectos, literalmente:

- a) Promoverá e potenciará a realización de estudos de xénero nas facultades, escolas técnicas superiores universitarias.
- b) Potenciará e promoverá a execución de proxectos sobre igualdade de xénero nas facultades, escolas técnicas superiores e escolas universitarias.
- c) Promoverá a creación de cátedras sobre cuestións de xénero nas facultades, escolas técnicas superiores e escolas universitarias.
- d) Promoverá estudos sobre temas de igualdade de xénero en universidades e escolas superiores técnicas.

34. Qué tipo de medidas de contención se recollen literalmente na Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e en qué artigo da mesma?

- a) No artigo 23. Medidas de contención de tipo verbal, físico segundo o caso concreto e atendendo ás circunstancias concretas.
- b) No artigo 28. Medidas de contención de tipo verbal e emocional, de tipo físico e mecánico, en atención ás circunstancias en presenza.
- c) No artigo 33. Medidas de contención de tipo verbal e físico e mecánico, segundo o caso concreto e atendendo ás circunstancias concretas en presenza.



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

ANEXO I

d) No artigo 38. Medidas de contención de tipo verbal e físico, segundo o caso concreto e atendendo ás circunstancias concretas.

35. A Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia dispón que a administración de medicamentos aos menores, cando sexa necesario para a súa saúde, deberá ter lugar de acordo coa praxis profesional sanitaria, respectando as disposicións sobre consentimento informado, e nos termos e condicións previstas:

- a) Na Lei 23/2002, do 22 de setembro, básica reguladora da autonomía do paciente e dos dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.
- b) Na Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e dos dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.
- c) Na Lei 46/2002, do 17 de maio, básica reguladora da autonomía do paciente e dos dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.
- d) Na Lei 18/2002, do 25 de outubro, básica reguladora da autonomía do paciente e dos dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.

36. O artigo 27.2º “Axudas sociais”, da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, modificado polo número tres do artigo único do Real decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, dispón que:

- a) O importe desta axuda será equivalente ao de tres meses de subsidio por desemprego. Cando a vítima da violencia exercida contra a muller tivera recoñecida oficialmente unha discapacidade nun grao comprendido entre o 33 e ata o 65 por 100, o importe será equivalente a seis ou doce meses de subsidio por desemprego dependendo do grao recoñecido.
- b) O importe desta axuda será equivalente ao de seis meses de subsidio por desemprego. Cando a vítima da violencia exercida contra a muller tivera recoñecida oficialmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por 100, o importe será equivalente a doce meses de subsidio por desemprego.
- c) O importe desta axuda será equivalente ao de tres meses de subsidio por desemprego. Cando a vítima da violencia exercida contra a muller tivera recoñecida oficialmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por 100, o importe será equivalente a seis meses de subsidio por desemprego.
- d) Ningunha é correcta.

37. Qué crearán os concellos para facilitarles ás persoas empadroadas a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral mediante a realización de labores domésticos concretos, en



**CONCELLO
O PEREIRO DE AGUIAR**

ANEXO I

especial aqueles que exixan desprazamentos, como a realización da compra diaria ou de xestións de índole administrativa, e mais de labores de coidado ou mera compañía de menores de idade e de persoas dependentes?

- a) Servizo municipal de conciliación.
- b) Banco municipal de tempo
- c) Centro municipal de conciliación
- d) Ningunha das respuestas anteriores é correcta.

38. Real decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urgentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación modifica á:

- a) Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- b) Lei Orgánica 2/2007, do 15 de febreiro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- c) Lei Orgánica 4/2007, do 6 de maio, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- d) Lei Orgánica 5/2007, do 29 de xuño, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

39. Segundo o disposto no artigo undécimo “Prazos de tramitación” da Resolución do 9 de xuño de 2015, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade do 21 de xullo de 2014, polo que se aproba o protocolo de derivación entre centros de acollida para as mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas, e no suposto no que a valoración técnica aconselle o traslado:

- a) As solicitudes de derivación resloveranse, no caso de ser necesaria unha intervención urgente, con carácter inmediato desde a recepción da solicitude, baseándose nun plan de actuación entre o persoal técnico das comunidades autónomas de orixe e acollida.
- b) As solicitudes de derivación resloveranse á maior brevidade posible e non máis tarde de 3 días desde a recepción da solicitude, baseándose nun plan de actuación entre o persoal técnico das comunidades autónomas de orixe e acollida.
- c) As solicitudes de derivación resloveranse á maior brevidade posible e non máis tarde de 5 días desde a recepción da solicitude, baseándose nun plan de actuación entre o persoal técnico das comunidades autónomas de orixe e acollida.
- d) As solicitudes de derivación resloveranse á maior brevidade posible e non máis tarde de 15 días desde a recepción da solicitude, baseándose nun plan de actuación entre o persoal técnico das comunidades autónomas de orixe e acollida.



**CONCELLO
O PEREIRO DE AGUIAR**

ANEXO I

40. O artigo 8 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade dispón que os regulamentos con repercusión en cuestións de xénero elaborados pola Xunta de Galicia:

- a) Exixirán, antes da súa aprobación, a emisión dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade. O dito informe non será vinculante.
- b) Exixirán, antes da súa aprobación, a emisión dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade. O dito informe será vinculante.
- c) Exixirán, antes da súa aprobación, a emisión dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.



**CONCELLO
O PEREIRO DE AGUIAR**

ANEXO I

PREGUNTAS DE RESERVA

1. As comunidades autónomas:

- a) Carecen de autonomía financeira para satisfacer as súas competencias, asignándolle a Constitución os recursos necesarios para a xestión dos seus intereses, en coordinación coa Facenda estatal e coa aplicación do principio de solidariedade co resto dos españois.
- b) Teñen competencias na Administración de Xustiza.
- c) Teñen competencias en nacionalidade, inmigración, emigración, estranxeiría e dereito de asilo.
- d) Ningunha resposta é correcta.

2. O exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xenerais do Estado e das administracións públicas

- a) Poden exercerse por persoal funcionario ou laboral
- b) Corresponde exclusivamente a funcionarios públicos
- c) Os funcionarios non poden exercer potestades públicas
- d) As respostas a) e c) son correctas

3. De conformidade co artigo 3 da Lei 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes supón:

- a) a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo, e, especialmente, as derivadas da maternidade, a asunción de obrigacións familiares e o estado civil
- b) a ausencia de toda discriminación directa, por razón de sexo
- c) a ausencia de toda discriminación indirecta, por razón de sexo
- d) a ausencia de toda discriminación directa e indirecta, por razón de sexo

4. De conformidade coa Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia e na lexislación de aplicación sobre réxime local, corresponden aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

- a) o establecemento do marco normativo en materia de servizos sociais
- b) o exercicio das potestades inspectora e sancionadora
- c) a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos
- d) a xestión de subvencións e outras axudas públicas que conceda a centros e entidades prestadoras de servizos sociais

PLANTILLA RESPOSTAS ASESOR XURÍDICO (CIM)	
PREGUNTAS TIPO TEST	RESPOSTA CORRECTA
1	c
2	d
3	b
4	d
5	a
6	b
7	a
8	b
9	a
10	c
11	d
12	a
13	a
14	d
15	c
16	c
17	b
18	d
19	a
20	a
21	c
22	d

23	b
24	a
25	d
26	b
27	b
28	c
29	a
30	b
31	d
32	c
33	c
34	b
35	b
36	b
37	b
38	a
39	d
40	a
PREGUNTAS RESERVA TIPO TEST	
1	d
2	b
3	a
4	c